

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por INTERVENCIÓN GENERAL. AYTO A CORUÑA a las 11:05 del día 14/03/2023. Dir. Área de Economía, Hacienda e Réxime Interior (MANUEL ANGEL JOVE LOSADA) a las 19:05 del día 14/03/2023, Concelleiro Delegado de Educación e Memoria Histórica, Innovación, Industria y Empleo (JESUS JAVIER CELEMIN SANTOS) a las 08:27 del día 17/03/2023 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA, AYTO A CORUÑA a las 08:27 del día 17/03/2023. Mediante el código de verificación 3K2M0M3G4I232N2E17WC puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/5181/2023 el 17/03/2023



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/5181/2023 17/03/2023

Area / Unidade RR.HH PE0000 MJIB	Documento 10817I02XR	
Código de verificación  3K2M 0M3G 4I23 2N2E 17WC	Expediente 108/2023/431	
	Data 08-03-2023	

Asunto: Cobertura en comisión de servizos do posto de asistente de administración do Servizo de RR.HH. (ref. posto 191).

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O xefe de Servizo de RR.HH., con data 17/02/2023 e código de verificación 5N4X0C6N05420T300IP1., remite ao servizo de RR.HH. unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, do posto de Asistente de administración de apoio xef. RR.HH. (Servizo de RR.HH.), referencia 191 da RPT.

Dita cobertura temporal do posto de traballo solicítase debido a que actualmente estase a levar a cabo no servizo de RR.HH. un proceso gradual de dixitalización da xestión das persoas no Concello da Coruña, que conlevará cambios en aplicativos informáticos de xestión e nos propios procedementos de xestión do Servizo de RR.HH. Ese proceso debe facerse en paralelo coas funcións habituais do servizo, como é a xestión do expediente mensual de nóminas que conleva a grabación de todas as incidencias que afectan a ese mes (altas e baixas do persoal, abonos, adscripcións de postos, pago de anticipos de haberes,...), a xestión do procedemento de autorización de horas extraordinarias e o seu pago na nómina, a xestión do expediente de abono da produtividade bimensual, e a xestión do procedemento para o abono de axudas do fondo social, entre outros.

Segundo.- Con data 23 de febreiro de 2023, o Servizo de RR.HH. publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo, en base a petición efectuada polo xefe de servizo de RR.HH.:

- Asistente de administración de apoio xef. RR.HH. (Servizo de RR.HH.), referencia, referencia 191.

No citado anuncio, indicase que o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúna os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que quixera participar nesta convocatoria, deberá presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.
RR.HH.	PE4000	Ap. Xef. RR.HH.	191	Astte. Admon.	C1/C2	18	AX	FR06

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da CCAA de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, establece que o persoal funcionario de carreira con destino definitivo poderá ocupar, excepcionalmente e de maneira temporal, un posto de traballo en comisión de servizos de carácter voluntario sempre e cando pertenza ao corpo ou escala e reúna os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

As comisións de servizos poderán acordarse, entre outros supostos, para desenvolver un posto de traballo cando estea vacante; entendendo que un posto está vacante cando non ten titular, cando o seu titular estea ocupando outro posto en comisión de servizos ou cando estea de permiso por parto, permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla.

O posto da RPT nº 191 de asistente de administración de apoio xef. RR.HH., actualmente atópase vacante e non ten reserva legal.

Segunda.- O Xefe de Servizo de Recursos Humanos, co conforme do Director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, con data 03/03/2023 e código de verificación 1P333Y2U0Y1N6U45115U, unha vez examinada a solicitude recibida e o CV da única candidata presentada, emite unha proposta de nomeamento de Dona María Tornero Garrido, en comisión de servizos, no posto de asistente de administración de apoio xef. RR.H, nº referencia 191 da RPT.

Terceira.- Cabe indicar, en relación á motivación da adxudicación dun posto en comisión de servizos á persoa considerada máis idónea, a sentenza nº 472/2022 do 1 de xuño de 2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a cal establece que ao tratarse dun sistema excepcional e temporal non require un proceso de selección ordinario no que exista unha publicidade dun baremo e unha valoración provisional de méritos. A comisión de servizos é unha vía excepcional de provisión temporal dun posto de traballo cuxa cobertura resulta necesaria e urxente a través da designación do persoal funcionario de carreira que resulte idóneo e cumpra as esixencias para o seu eficiente desempeño. Por tanto, esa nota de urxencia e idoneidade, outórgalle un plus de discrecionalidade á Administración convocante, respectando sempre os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Por tanto, considerando a urxente necesidade de cobertura do posto de asistente de administración de apoio xef. RR.H (ref. posto 191) e co fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Servizo de RR.HH., e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e o art. 30 do Decreto da



Xunta de Galicia 151/2022, do 4 de agosto e demais normas concordantes, así como que a funcionaria proposta reúne os requisitos establecidos na RPT en vigor, procede destinar a Dona María Tornero Garrido, en comisión de servizos, ao posto de traballo de asistente de administración de apoio xef. RR.HH., referenciado co número 191 na RPT.

Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata o 15 de agosto de 2023. Dita comisión de servizos pode prorrogarse, respetando os límites máximos establecidos na normativa vixente, ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.
RR.HH.	PE4000	Ap. Xef. RR.HH.	191	Astte. Admon.	C1/C2	18	AX	FR06

Quinta. O posto de orixe de a Dona María Tornero Garrido, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.
RR.HH.	PE1200	Sel. e Formac.	180	Of. Administrativo	C1/C2	16	AX	FR04

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 920 do orzamento prorrogado ao ano 2023, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Sétima.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP nº 124 de 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1.- Destinar a Dona María Tornero Garrido (NIF ***8437**), en comisión de servizos, ao posto de asistente de administración de apoio xef. RR.HH., nº referencia 191 da RPT. As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.
RR.HH.	PE4000	Ap. Xef. RR.HH.	191	Astte. Admon.	C1/C2	18	AX	FR06

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata o 15 de agosto de 2023. Dita comisión de servizos pode prorrogarse, respetando os límites máximos establecidos na normativa vixente, ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución á interesada e ao xefe de Servizo de RR.HH.

A Coruña, na data de sinatura electrónica deste documento

O concelleiro de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego
Por delegación do concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior
(Decreto nº 1374/2023, de 03/03/2023)
Asdo. Jesús Javier Celemín Santos